

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 26 DE FEBREIRO DE 2024

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e seis de febreiro de dous mil vinte e catro, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria urxente da Xunta

de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as catorce horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

O Sr. alcalde asiste de xeito excepcional a través de videochamada, ao non poder asistir en forma presencial por mor da atención dun asunto familiar debidamente xustificado.

1.- PRONUNCIAMENTO SOBRE A URXENCIA

O Sr. alcalde informa que o feito excepcional de celebrar a presente sesión polo procedemento de urxencia vén motivada na conveniencia para o interese público municipal de solicitar unha subvención convocada por Augas de Galicia, na que o prazo de solicitude remata o día de hoxe, e que non se puido incluír na orde do día de anteriores sesións celebradas por este órgano por canto a documentación técnica necesaria para optar á mesma non foi facilitada ao Concello por parte dos técnicos ata o día de hoxe.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda aprobar a urxencia da convocatoria.

2.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN A AUGAS DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE AUDITORÍAS MUNICIPAIS DE ABASTECIMENTO PARA MINIMIZAR AS PERDAS DE AUGA

Infórmase aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes da Resolución do 26 de decembro de 2023 de Augas de Galicia, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas á realización de auditorías municipais de abastecemento encamiñadas á elaboración de plans de actuacións para minimizar as perdas de auga, e se convocan para o ano 2024, mediante tramitación anticipada de gasto (DOG núm. 19, do 26/01/24). O Sr. alcalde informa que considera conveniente optar a dita subvención para financiar a actualización do inventario municipal de infraestruturas da rede de distribución de auga potable, e para elaborar unha auditoría co fin de coñecer o funcionamento da rede co fin de confeccionar un plan de actuación para poder mellorar o seu estado e eficiencia.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar a Augas de Galicia unha subvención por importe de SEIS MIL CINCOCENTOS OITENTA E DOUS EUROS CON CORENTA CÉNTIMOS (6.582,40 €) para o financiamento da actuación denominada *“realización dunha auditoría dos sistemas de abastecemento no Concello de Rodeiro encamiñada a minimizar as perdas de auga”*.

Segundo.- Aprobar a memoria xustificativa da actuación a desenvolver cun orzamento total por importe de OITO MIL DOUSCENTOS VINTE E OITO EUROS (8.228,00 €), IVE incluído.

Terceiro.- Aceptar expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na convocatoria.

Cuarto.- Financiar o custo da actuación obxecto de subvención que non resulte financiado por Augas de Galicia para a súa completa realización.

Quinto.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine a correspondente solicitude e cantos outros documentos resulten necesarios para a efectividade do acordado.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as catorce horas dez minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(sinatura dixital)

O alcalde,
(sinatura dixital)